

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VILANOVA DE AROUSA
Edificio	Igrexa de Santa María de Caleiro
Dirección	Lugar de Caleiro, s/n. 36629
	42.561803 -8.813509
Protección	
Descricion	<p>Edificación relixiosa do século XII de estilo románico, con planta e cruz latina e cuberta a tres augas. Presenta capelas laterais adosadas e torre campanario en posición lateral.</p> <p>Do seu estilo románico só se conserva a ábsida semicircular (que destaca pola súa colección de canzorros de influencias visigóticas), e restos dos muros da nave que foi transformada coa adición da Capela do Cristo dos Crespo no muro setentrional no ano 1588, e coa construción da capela do Carme.</p> <p>De época románica tamén é a porta da fachada occidental, con arquivolta en boquetón de medio punto apoiados en pedras graníticas impostadas no muro, con figuración humana y floral moi erosionada e de difícil lectura.</p> <p>O interior presenta bóveda de canón de dous tramos.</p> <p>A Capela do Cristo dos Crespo, adosada ao corpo principal, foi creada por Pedro Otero. Presenta planta rectangular e bóveda de crucería con lacería, e arco triunfal con medallóns ao estilo do Renacemento compostelán de Gil de Hontañón e Jácome García.</p> <p>Nos esquinais podemos ver as imaxes de San Agustín, San Ambrosio, San Gregorio Magno e San Xerónimo.</p> <p>Dúas fornelas acollen as representacións de Pedro de Otero e a de Cristo crucificado. No chan se conserva a lauda de Pedro de Otero, coa representación das cinco chagas de Cristo.</p> <p>A Capela do Carme, do ano 1906, de construción sinxela e cuberta con bóveda de aresta enlucida.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	10-05-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>OCAMPO, MELCHOR;</u> <u>OCAMPO JOSÉ</u>	1898	80	296
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>OCAMPO, MELCHOR;</u> <u>OCAMPO JOSÉ</u>	1898	94	481

Información completa: [Igrexa de Santa María de Caleiro - VILANOVA DE AROUSA \(GALICIA\)](#)

PDF (14-06-2026)